



Contidos

<i>A querela arxentina: xenocidio franquista</i>	1
<i>81º aniversario da II República</i>	2 3
<i>Mariví Villaverde, Republicana de Honra</i>	3
<i>“Camarada Fraga”</i>	4
<i>Isaac Díaz Pardo</i>	4
<i>Baltasar Garzón</i>	4
<i>“As mulleres na guerrilla antifranquista galega”</i>	4
<i>“25 militares de la República”</i>	5
<i>Grupo de comunicación e web</i>	5
<i>A CRMH na radio</i>	5
<i>“As cicatrices do mar”</i>	6

O ano comezou con boas novas. Nos medios de comunicación saía a finais do 2011 a noticia de que a xuíza federal arxentina, María Servini de Cubría, requiría ao goberno español os nomes e domicilios dos ministros e xefes das forzas de seguridade no período comprendido entre o 17 xullo de 1936 e o 15 de xuño de 1977, no marco dunha demanda aberta en Arxentina. Tamén pedía nese exhorto o nome dos mandos das Forzas Armadas, Garda Civil, Policía Armada, Directores de Seguridade e dirixentes da Falanxe Española solicitando no caso de falecemento dos mesmos, o certificado de defunción. A xuíza pediu ademais información sobre persoas desaparecidas, asasinadas e torturadas durante a ditadura franquista, nenos apropiados e datos de empresas que utilizaron a presos políticos para traballo escravo.

Segundo as noticias que recibimos, tanto dxs nosxs colaboradores, coma dos medios de

comunicación, a xuíza federal arxentina María Servini de Cubría, ten pensado visitar o Estado español para a segunda quincena de xuño deste ano, co obxectivo de tomarlle declaración a todas as persoas que se quixeran sumar como querelantes á causa emprendida pola xustiza arxentina contra os crimes do franquismo. Daquela, decidimos na CRMH apoiar esta iniciativa, e buscar no período que vai ata a data da visita da xuíza Servini, persoas que poidan declarar como testemuñas de todo tipo de delitos que se cometeron no tempo da ditadura do xeneral Franco, delitos que teñan o cualificativo a nivel internacional coma crimes contra a humanidade.

Cómpre neste tempo consultar todo tipo de testemuña, que estea disposta, por unha banda, a asinar unha declaración, onde veñan reflectidos tanto os datos persoais como a relación coa persoa que sufriu o delito, así como unha breve descrición dos feitos que derivaron no

delito. E, por outra banda, e dado que a xuíza federal arxentina Servini de Cubría estaría disposta a viaxar ata os consulados arxentinos máis próximos a onde estean as testemuñas —no caso galego, o consulado arxentino está en Vigo—, a CRMH está agora mesmo inmersa nesa campaña de localización de testemuñas “declarantes” diante da xuíza Servini, para así ter unha ocasión máis de sentar diante dos tribunais a todas as persoas responsables dos delitos contra a humanidade que o franquismo levou a cabo, e, tamén, de darlle unha oportunidade ás vítimas do franquismo a que a súa testemuña sexa coñecida internacionalmente.

Naturalmente, todo tipo de colaboración por parte de calquera persoa que teña intención de botar unha man neste tema, será ben vida, entón, se vos presta traballar/informar/axudar neste tema, non tedes máis que facelo patente chamando ao teléfono 645029338.



81º aniversario da II República

Aproximábase abril, mes da celebración do 81 aniversario da proclamación da Segunda República. En anteriores xuntas da directiva da CRMH, fóronse deseñando os actos a desenvolver, así como a elección da persoa que este ano podía ser nomeada Republicana de Honra.

Esta distinción foille outorgada en Asemblea de socixs a Mariví Villaverde, unha grandísima figura representativa do exilio

galego e da loita polas liberdades democráticas. Filla do último alcalde republicano de Vilagarcía de Arousa, Mariví tivo que exiliarse aos 14 anos, e, en toda a súa vida, sempre tomou un papel activo na defensa da legalidade republicana.

Grazas as xestións feitas, fundamentalmente polo presidente da CRMH, Fernando Souto, foi localizada Mariví Villaverde, que aceptou a distinción.

Actos

O 12 de abril Mariví Villaverde foi entrevistada na CADENA SER. Ese mesmo día pola tarde tivo lugar a súa presentación oficial na Real Academia Galega, nun emotivo acto presentado por Francisco Pillado, en representación da CRMH, e Marga Romero, no que lle foi concedida a distinción de Republicana de Honra.

O día seguinte, 13 de abril, pola mañá, Mariví Villaverde foi recibida polo reitor da Universidade da Coruña, Xosé Luis Armesto Barbeito. Nunha agradable conversación, intercambiaron diferentes opinións sobre a loita pola recuperación da memoria histórica, así como agasallos. Logo, varios socios acompañaron a Mariví nunha tertulia na cafetería do reitorado.

Na tarde dese día 13 foi cando se deron as homenaxes máis conmovedoras. Ás 18'30 h, baixo unha incesante choiva, Mariví Villaverde foi recibida polos sons da *Marcha do Antigo Reino de Galiza*, interpretada maxistralmente polo noso ben querido amigo, o gaiteiro Moncho, diante do memorial dedicado ás vítimas do fran-

quismo na comarca da Coruña, comezando o acto de homenaxe ás devanditas vítimas. Tomou a palabra Mariví Villaverde, para lembrarnos ese tempo onde a liberdade e a busca da cultura e da democracia formaban os alicerces básicos da II República. De seguido, Maitte Martínez, da CRMH, leu un poema da súa autoría. A ofrenda floral rematou co himno galego.

A represión franquista na comarca da Coruña. Vidas na memoria

No hotel Meliá María Pita, ás 20 h, presentouse o libro *A represión franquista na comarca da Coruña. Vidas na memoria*, un traballo colectivo do proxecto interuniversitario das tres universidades galegas "Nomes e Voces". Nel están recollidas, logo dun intenso esforzo de investigación científica, as biografías das vítimas da represión franquista en toda a comarca da Coruña, en concreto dos concellos da Coruña, Culleredo, Cambre, Arteixo, Sada, Carral, Abegondo, Betanzos, Oleiros e Carral.



Distinción de Mariví Villaverde como Republicana de Honra 2012 na Real Academia Galega.

Para empezar esta presentación tomou a palabra Francisco Pillado, en representación da *Editorial Laivento*, quen fixo posible a edición do libro. Xurxo Pantaleón, membro do proxecto "Nomes e Voces" falounos dos recursos técnicos, científicos e informáticos utilizados no proceso de investigación, busca e codificación dos datos pertencentes as familias das vítimas.

Deseguido, Manuel Monge, da CRMH, introduciunos no contexto histórico no que se desenvolveu tanto a II República como a represión franquista. Para rematar, Emilio Grandío, historiador coordinador deste traballo xunto a Dionisio Pereira e Eliseo Fernández, falounos de como era a sociedade coruñesa daquel tempo, significando especialmente os alicerces de esperanza no futuro e da procura de liberdade que formaban a II República, unha época caracterizada polo libre pensamento en todos os niveis sociais e en todo tipo de organizacións: sindicais, políticas, culturais, civís...

Cea da República

Pero aí non remataron os actos de celebración do 14 de abril. Nunha sala anexa, igualmente no hotel Meliá María Pita, celebrouse a Cea da República 2012, onde máis de 120 persoas confraternizaron e compartiron mesa e mantel, para que, no remate da mesma, se procedera á entrega da distinción de Republicana de Honra 2012 a Mariví Villaverde, entregándose tamén un agasallo consistente nunha obra do escultor Pepe Galán, así como un certificado que contiña a distinción concedida.

Acompañando á Republicana de Honra 2012, Mariví Villaverde, estivo todos os días Mimí Fernández Durán, unha amiga de Mariví de cando esta vivía o seu exilio na Arxentina.

Mimí tamén é familiar de represaliados galegos, e unha loitadora polos dereitos humanos no seu país, na Arxentina, onde tivo a desgraza de padecer moi de cerca a violencia da ditadura. Foi agasallada cun ramo de flores por parte da organización do acto, recibindo un caloroso aplauso por parte dos asistentes.

E, para rematar a noite, todos os participantes no evento tivemos a ledicia de escoitar o concerto acústico do grupo de música *Sés*, composto por María Xosé Silvar e Tito Calviño, que foron quen de gañarse a toda a audiencia coa lectura dun poema que María Xosé escribira especialmente a Mariví.



Mariví Villaverde, Mimí Fernández Durán e Marga Romero con compañeirxs da CRMH durante a cea



Actuación de *Sés*



Escritora, tradutora, testemuña dunha realidade que lle tocou vivir, que nos transmite con valentía e xenerosidade. Léganos o pasado que non vivimos, o seu presente en que a súa voz segue firme e combativa, á beira do pobo creativo e honrado, en que sempre creu e un futuro en que vivificará toda esta memoria. Mariví Villaverde, lectora noviña que perdería á forza a adolescencia nas horas en que lle lía no cárcere á súa tía Arxentina, mestra galeguista e republicana, obras de teatro para matar o tempo e a angustia. Teatro que vai agromar no exilio na compañía do seu compañeiro Ramón de Valenzuela, con Roberto Villanueva ou Eduardo Blanco Amor. Escriben, adaptan, traducen, representan mentres arromban na casa do exilio as táboas do naufraxio dun país e da República. Mariví Villaverde colaboradora do xornal *Galicia*, nai e legadora da verdade lexítima republicana, a verdade que herdara do seu pai Elpidio Villaverde, alcalde de Vilagarcía e deputado a Cortes en 1936 e das súas tías rapadas, da nai atrevida que con documentación falsa descobre o camiño da liberdade. A autora da súa propia vida que decide levar a súa memoria a un libro en 1962 *Tres tempos y la esperanza* publicado na Editorial Alborada, reeditado por Edicións do Castro (1987) e nunha versión en galego en *A Nosa Terra* (2002), ao que a autora lle engade un epílogo e lle devolve ás personaxes os seus verdadeiros nomes. Libro no que camiñamos por un vivir privado e silencioso, á beira das nosas maiores, para compartirmos a alegría do progreso e a liberdade espallada na area da praia de Compostela na Vilagarcía das súas primeiras descubertas. Medo que tamén sentimos, terror vivido, nos cuartos fechados por portas onde petan moitas veces, coa chegada de novas envoltas en fuxidas ou en mortes. Un mudo que se esborrallaba malia a lealdade e o amor. Cicatrices que atravesan todas as alfándegas, cando xa é imposible o regreso na condena eterna do exilio. Mariví Villaverde, comprometida, activa no Consello pola Memoria, participa en todos os actos políticos e culturais aos que é convidada, comprometida cos tempos que lle tocou vivir, empeñada en lembrar a dignidade coa que Galiza loitou e defendeu a lexitimidade da República. Imprescindible e necesaria.

(Texto de Marga do Val)



“Camarada Fraga”

Con anterioridade ao coñecemento de todos os feitos relacionados coa querela arxentina, o xoves 5 de xaneiro unha representación da CRMH da Coruña trasladouse a Vigo, ao consulado da Arxentina, co obxecto de entregar –co único motivo de informar á xuíza Servini de Cubría– o material xa entregado no Concello da

Coruña pola CRMH, para os efectos da retirada do seu título de “Fillo Adoptivo da Coruña” (outorgado a Fraga en 1968, en plena ditadura), referido ás “fazañas” de Manuel Fraga Iribarne como ministro franquista. O material está recollido nun documento titulado “Camarada Fraga”.

Fíxose no exterior do local da embaixada unha pequena roda de prensa para anunciar esta iniciativa.

O 15 de xaneiro morreu na súa cama Manuel Fraga Iribarne, sen responder polos seus delitos diante dos tribunais de xustiza. Sensación colectiva de desacougo.



O ditador Francisco Franco saúda a Manuel Fraga

Isaac Díaz Pardo

Ese mesmo día 5, camiño de Vigo, tivemos a triste nova da morte de Isaac Díaz Pardo, Republicano de Honra 2011, e unha insigne figura no eido da cultura galega.

Varios membros da CRMH acudiron ao velorio en Coruña e ao seu enterro en Boisaca, enviando unha coroa de flores para facer patente a tristeza

colectiva que todas as persoas relacionadas coa CRMH sentimos aquel día.



Isaac Díaz Pardo

Baltasar Garzón

O sábado 4 de febreiro, dentro dos actos convocados pola Plataforma “Galicia con Garzón”, á que pertence a CRMH da Coruña, asistimos a unha concentración de apoio ao Xuíz Garzón celebrada na pra-

za de Galicia na cidade da Coruña. O xoves 9 de febreiro houbo outra concentración no mesmo lugar, convocada tamén pola Plataforma “Galicia con Garzón”. A CRMH fai patente o seu papel, e dálle a

estas mobilizacións un carácter especial na defensa da recuperación da memoria histórica, e de denuncia da represión que o xuíz Garzón sofre por parte dos órganos xudiciais, nomeadamente, o Tribunal Supremo.

As mulleres na guerrilla antifranquista galega

O 19 de xaneiro tivo lugar a presentación do libro de Aurora Marco *As mulleres na guerrilla antifranquista galega* na Fundación Caixa Galicia. Interviniéron, en representación

da editorial Laidvento, responsable da publicación e directivo da CRMH, o noso compañeiro Francisco Pillado, e representando á Comisión, a nosa compañeira Maite Martí-

nez. Logo foi a propia autora, Aurora Marco, quen fixo unha exposición máis detallada do libro e da súa temática: o papel fundamental das mulleres na guerrilla antifranquista galega.



Aurora Marco na presentación do seu libro. (Foto de V. Echave, laopinioncoruña.es)



25 militares de la República

O 2 de Febreiro tivo lugar a presentación do libro *25 Militares de la República* para a que contamos coa presenza do Coordinador da publicación,

Javier García Fernández Cate drático de Dereito Constitucional da Universidade Complutense de Madrid, o acto celebrouse no Circo de Artesa-

nos, co seu presidente como anfitrión, ademais de Fernando Souto, pola CRMH, e o historiador Bernardo Máiz.



Presentación do libro *25 militares de la República* no Circo de Artesanos da Coruña

Grupo de comunicación e web

Tamén este ano trouxo a creación dun novo grupo de comunicación, formado polxs compañeirxs Rubén Afonso, Natalia San Vicente e Maite Martínez.

En sucesivas xuntanzas, xunto co provedor de internet contratado pola CRMH, estamos perfilando cambios para a nosa páxina web, que serán proximamente visibles. A razón fundamental é facer máis atractiva e cómoda a visita a

nosa páxina, facilitando a navegación para xs internautas. Aspiramos a que cada vez máis e máis persoas entren na nosa páxina web con ánimos, non só de busca información, senón de interacción dando ideas, opinións, críticas, etc.

No que atinxe aos accesos á nosa páxina web, no período que vai do 1 de xaneiro de 2012 ao 26 de abril de 2012, houbo unha media diaria de 551, cun promedio diario de

10,07 novas visitadas por cada internauta. A duración media de cada visita a nosa páxina foi nese período de 26 minutos e 19 segundos. Estas estatísticas queren dicir que máis de 550 persoas visitan diariamente a nosa páxina web, e que se toman case media hora en facelo: as visitas son para ler as nosas noticias, non son para nada visitas “equivocadas”.

www.memoriadacoruna.com



A CRMH na radio

O martes 3 de abril o noso compañeiro Rubén Afonso Lobato, colaborador habitual do programa “A vida é outra cousa”, de CUAC FM, presenta un episodio do mesmo título

lado “Cánto nos custa a monarquía?”, no que se fala das cantidades comparadas entre o custo da monarquía española e o resto das monarquías europeas, ou dos países gobernados

por presidentxs ou primeirxs ministrxs de todo o mundo.



cuacfm.org



As cicatrices do mar

Maite Martínez

Abril 2012

*As vítimas da ditadura franquista
A Mariví Villaverde Otero, refuxiada*

O medo, os recordos só unha milla atrás, a esperanza forzada, o incompreensible que abarrota o pensar e o sentir, o sangue fóra das veas, sachan o rego de espuma.

O horror, tamén unha milla atrás. Ser morto, fantasma, fuxido con fusil, unha milla atrás.

Diante do rego de espuma, expulsada da terra que te fixo.

A auga queda rachada para sinalar o camiño de volta.

Esa é a ansia.

Cantas cicatrices tes, mar?

Cantas mortes escapadas marcan o teu corpo, protector de presentes e fronteira para futuros?

Cantas veces che falaron do amor e dos desexos atracados nos barrancos, nos rochos, nos cárceres, nas estacións do ferrocarril?

E dos asasinados, das torturadas, dos perseguidos, das humilladas, dos envoltos pola terra que os berra?

O mar berra tamén o cativas que foron as súas vidas. Escóitao!

Díxomo a muller que fendeu cicatrices no mar, sucos na terra, liñas no ceo.

A muller enteira de dignidade, afán e xustiza, facedora incansable de itinerarios de memoria, rexurdimentos e porvir.

Ela escapou da morte de vez. Confesou o mar. A súa existencia paga as nosas, mostrando por sempre a inmensidade das vidas.



Comisión pola Recuperación
da Memoria Histórica da Coruña

Olmos 16-18, 1º
15003 A Coruña
info@memoriadacoruna.com

